

### **14-03-2022**

Ciencias Sociais

Copiamos na libreta:

Un río é unha corrente continua de auga doce.

O percorrido que realiza un río chámase curso.

Os ríos nacen nas montañas e discorren polos vales. Nas montañas, os ríos son estreitos e levan pouca auga. As súas augas baixan moi rápidas.

Na chaira, os ríos son largos e discorren lentamente. Levan moita auga porque reciben auga doutros ríos, que son os seus afluentes.

Finalmente, os ríos chegan á costa. Alí son moi largos e discorren lentamente. O lugar en que un río verte a auga ao mar chámase desembocadura.

Facemos exercicios da páxina 69.

### **15-03-2022**

Ciencias da Natureza

Copiamos na libreta:

Os seres vivos dun ecosistema dependen uns dos outros para alimentarse. Por exemplo, os coellos son herbívoros e aliméntanse da herba, e os raposos, que son omnívoros, comen coellos. Estes tres seres vivos (Herba-Coello-Raposo) forman unha cadea alimentaria.

Os seres vivos dun ecosistema colaboran e axúdanse entre si.

As persoas debemos protexer e coidar a natureza.

Facemos exercicios da páxina 71.

### **17-03-2022**

Ciencias Sociais

Lemos a lectura da páxina 70.

Facemos exercicios das páxinas 70 e 71.

### **18-03-2022**

Ciencias da Natureza

Lemos a lectura da páxina 72.

Facemos exercicios das páxinas 72 e 73.